



CONCELLO DE POIO

Ref: MC (Secretaría)

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA, NÚMERO CATROCENTOS CORENTA E TRES REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACION O DÍA TRECE DE OUTUBRO DE DOUS MIL DEZ.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e trinta e cinco minutos do día trece de outubro de dous mil dez, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coa asistencia dos Concelleiros D. Xulio Barreiro Lubián, D^a. M^a Luz Senra Lorenzo, D. Xose L. Martínez Blanco, D^a. Silvia Díaz Iglesias, D. Francisco Piñeiro Murillo, D^a. Margarita Caldas Moreira, D^a. Consuelo Besada Lores, D. Gregorio L. Agís Gómez, D^a. Rosa Fernández González, D. Javier Domínguez Lino, D^a. Celeste Nieto García, D. Alberto Villaverde Méndez, D^a. Irene Ligeró Iglesias, D. Miguel A. Martínez Nacemento e D. Manuel Domínguez Álvarez; escusa a non asistencia o Concelleiro D. Angel Moldes Martínez, actuando como Secretario o do Concello D. Jacobo Barreiro Pimentel asiste como interventora D^a. Olga Fernández Rodríguez. Reuníronse en primeira convocatoria para realizar a sesión extraordinaria correspondente ó día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3439.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN NÚM. 25/2010 DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO PARA FINANCIAR GASTOS DE INVESTIMENTOS POR OPERACIÓNS DE CRÉDITO.- Polo secretario presente na sesión dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptado na súa sesión extraordinaria realizada o 5 de outubro de 2010 e que di o seguinte: "Dáse conta do expediente e da Memoria da Alcaldía de data 29 de setembro de 2010 na que informa sobre a existencia de gastos por operacións de investimentos, que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, para os que non existe crédito suficiente no vixente orzamento, polo que se fai precisa a modificación de créditos do mencionado orzamento baixo a modalidade de suplemento de crédito e sendo o importe total de 947.000,00 euros.

Igualmente dáse conta dos informes da Intervención Municipal de 28 e 30 de setembro.

A interventora municipal da conta do expediente e

explica o seu informe desfavorable.

O Sr. Moldes Martínez pregunta que, en relación á praza de Samieira sería do Plan E pero o vial de Fragamoreira de cal se trata.

O Sr. Barreiro Lubián contéstalle que a praza de Samieira é polo lado de arriba e estase negociando cos propietarios dos garaxes que alí hai para poder asinar o convenio que data do mes de setembro.

O Sr. Moldes Martínez di que o seu grupo político do P.P. vai votar en contra polo motivo do informe desfavorable da Intervención Municipal e pola falta de precisión e endebedamento que poida causar para o futuro do Concello.

O Sr. Barreiro Lubián dille que a falta de previsión no informe fálase de aspectos técnicos, pero nos consideramos que a resolución destes investimentos débense realizar xa e nos adelantámonos aos problemas que poidan xurdir coa aprobación do orzamento do 2011.

A Comisión por 6 votos a favor do BNG e PSOE, ningunha abstención e 4 votos en contra do P.P. acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación."

Comeza a quenda de intervencións o Sr. Barreiro Lubián explicando que se trata dunha modificación para acometer unha serie de investimentos complementarios de obras e servizos que xa se están a realizar e que se fai necesario contratar sen máis demora e a maneira de financiar estas actuacións é mediante unha operación de crédito que se se espera ao ano que ven sería moita demora.

O Sr. Domínguez Lino di que o Partido Popular vai votar en contra desta nova modificación de crédito porque leva consigo unha nova operación de préstamo por un importe de 947.000 €, que se tratará no segundo punto da orde do día.

A Sra. Besada Lores di que o PSOE vai votar a favor da modificación porque consideran que as obras relacionadas no expediente son necesarias.

A Sra. Caldas Moreira e facendo referencia ao investimento mencionado para a Concellería de Deportes explica que consiste en levar a cabo as obras do pavimento do pavillón de deportes da Seca, xa que a súa situación é bastante mala e ademais trátase dunha reivindicación que con anterioridade xa fixeron tanto o propio PP coma os Clubs.

A continuación, procede a ler un escrito asinado por distintos clubs do concello no que poñen de manifesto a situación do pavimento e as súas consecuencias así como

procede a dar lectura a unha nota de prensa dunhas manifestacións realizadas polo Sr. Domínguez onde reitera a execución das obras de maneira urxente.

Segue coa súa intervención a Sra. Caldas Moreira e di que na actualidade non existe aplicación presupostaria para levar a cabo o investimento con aportación municipal e tampouco se conta con axudas doutras administracións, Xunta de Galicia e Deputación Provincial.

O Sr. Barreiro Lubián di que se trata de investimentos que nos vemos, desde o equipo de goberno, obrigados a executar, porque consideramos que se trata de investimentos necesarios e que deben rematarse (Dotación de equipamentos para o local social de Campelo, Limpapraias, asfaltado en Fragamoreira...), e seguro que si non os facemos para o ano que ven o PP estaríaos a reivindicar.

O Sr. Domínguez Lino di que votan en contra porque os investimentos trae consigo a realización dunha operación de préstamo e polo tanto supón o aumento do endebedamento a longo prazo do Concello. Que ao mellor, se se aforrase noutros conceptos habería outra forma de financiamento destas obras, e refírome a horas extraordinarias, festexos,...así como tamén se hai que facer todas estas obras, ao mellor elixiuse plan co investimento do Plan E. Ademais, o tema das obras de asfaltado no lugar de Fragamoreira, tratouse na Comisión Informativa.

A Sra. Besada Lores di que en relación con esas obras, si se vai executar a fianza do contratista pero ademais complementase con estes 30.000 € máis.

O Sr. Barreiro Lubián di que no Plan E poderíanse incluír parte destas obras pero conlevaría deixar fora outras, non me parece unha motivación sensata, pola súa parte.

Pódese tratar dunha falta de previsión, pero hai que priorizar e neste momento pensamos que estas obras hai que executalas.

Rematado o debate pola Corporación sométese a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas obténdose 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), 6 votos en contra do PP e ningunha abstención o que queda aprobado, adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a modificación presupostaria número 25/2010 de suplemento de crédito para financiar gastos de

investimentos por operación de préstamo por un total de 947.000,00 €.

Segundo: Proceder a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia para información pública mediante o prazo de 15 días hábiles, no que os interados poderán interpoñer as alegacións e reclamacións que consideren oportunas, de non presentarse alegación ningunha no devandito prazo entenderase definitivamente aprobado.

Terceiro: Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites legais do expediente.

3440.- INTERVENCIÓN, CONCERTACIÓN DUN CONTRATO DE PRÉSTAMO PARA A FINANCIACIÓN DA MODIFICACIÓN PRESUPOSTARIA NÚM. 25/2010 MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO.- Polo secretario presente na sesión dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 5 de outubro de 2010 e que di textualmente: "Dáse conta do expediente e do prego de condicións para a concertación dun contrato de préstamo para a financiación da modificación presupostaria nº 25/2010 mediante suplemento de crédito para financiar investimentos, por importe de 947.000 euros de data 28 de setembro de 2010 e dos informes da Intervención Municipal de data 30 de setembro de 2010.

Pola interventora explícase o contido do expediente tramitado que está relacionado coa modificación de crédito 25/2010 e habería que esperar á aprobación definitiva desta para poder adxudicar a operación de préstamo.

Concertando a operación proposta, a débeda viva non superaría o 110% dos recursos correntes liquidados e o volume de endebedamento, despois de concertar a operación ascendería ao 108,5%, hai que ter en conta os ingresos do ano 2010 vanse reducir con respecto ao ano 2009 e incrementárase o nivel de endebedamento polo que poderíamos chegar ao 110% no vindeiro exercicio 2011; a Lei este ano permite un 125%, non sei o que permitirá o endebedamento na Lei de Presupostos o ano que ven. No caso de pasarnos da porcentaxe que fixe a Lei cando queramos pedir un novo préstamo a curto ou longo prazo haberá que pedir autorización ao órganos competente da Xunta de Galicia.

O Sr. Moldes Tilve di que o grupo municipal do P.P. votará en contra da concertación do préstamo, seguindo o mesmo criterio e motivado co informe da Intervención Municipal onde se pon de manifesto o incumprimento do plan de saneamento e do principio de estabilidade presupostaria.

O Sr. Barreiro Lubián di que se non se nos permite pedir máis préstamos o P.P. estará encantado xa que é o ven pedindo desde que o endebedamento era do 30%.

A Comisión por 6 votos a favor do BNG e PSOE, ningunha abstención e 4 votos en contra do PP acordou ditaminar

favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación."

Comeza a quenda de intervencións, o Sr. Barreiro Lubián e di que é evidente que para acometer as obras e necesaria a concertación dun préstamo.

O Sr. Domínguez Lino di que no último pleno o Sr. Barreiro dicía que había que felicitar á corporación pola boa xestión, e iso , non é nada máis e nada menos que unha ratio de 600 € de débeda por habitante.

Con este novo préstamo eleva a débeda a máis do 108%, temos un orzamento de 11 millóns de € e un endebedamento de case o mesmo, así como a débeda a provedores que supón uns 440.000,00 €, iso reflítese no informe desfavorable emitido pola Intervención Municipal.

Están a facer unha nefasta política económica así como unha mala xestión, o que significa que todas as informacións facilitadas polos medios especifiquen que Poio está dentro dos Concellos que non se pode endebedar máis.

O Sr. Barreiro Lubián di que a situación actual do Concello non xordeu dun día para outro pero ten a súa historia. No ano 95 había uns ingresos de 400 millóns pero resulta que se debían, 800 millóns, o que supón o dobre e agora ingresamos 11 millóns e debemos 11 millóns, a xestión non é tan mala.

Antes a nómina pagábase o día 25 do mes e este concello ten un período de pago das facturas de 73 días, e non o digo eu, senón estes datos reflítense nos informe do Consello de Contas. Non somos como outros concellos, que ao mellor non aparecen en informes negativos porque non remiten os datos, se o fixeran a cousa cambiaría.

Ocupamos o 4º lugar de endebedamento, pero tamén hai que saber como está endebedado o Concello e a carga financeira que está 7,43% máis baixa que hai 15 anos. O que supón 63 € por habitante ao ano. Parece unha débeda moi grande, pero supónse que cada veciño paga 374€ de impostos e destes 63 € van para amortizar o préstamo, o peor sería se ingresamos 60€ e houbera que pagar 300 € de amortización.

A situación non é para votar foguetes pero estamos tranquilos porque ademais seguiremos xestionando nos a débeda.

Hai facturas pendentes de pago, pero neste conello

cómprase todos os días e pagamos cada 73, non está tan mal. O informe de intervención menciona facturas que non tiñan crédito pero agora xa se dotaron.

O saldo por operación correntes é o 7º mellor da categoría de concellos entre os 10 e 20 mil habitantes , o dí o Consello de Contas, e dá resultado positivo, non coma outros (Mos, Sanxenxo...)

A carga financeira é un punto menor que no ano 95, non parece que a cousa vaia tan mal.o Concello ten unha economía similar á familiar, nos endebedámonos o que podemos. A carga financeira doutros Concellos (sempre da nosa categoría) é superior, 23% As Pontes, 7,86% Sanxenxo, 8% Porriño....

Entendo que por 63 € deben acometerse estas obras, e cos orzamentos aprobados que vos votastes en contra fixéronse moitas obras. E os veciños que residen en Poio pagan os que non reside non.

Sempre poñemos a Sanxenxo como concello a comparar porque en Sanxenxo ingresan 1000 € máis por habitante e nos cremos que os veciños pagan o necesario. O trato que Poio recibe por parte doutras administracións non é o mesmo que recibe Sanxenxo.

Poio medra aínda que hai institucións que non reman na mesma dirección.

Hai que ter en conta que agora o futuro inmediato de Poio vai pasar pola posta en funcionamento do Polígono Industrial de Fragamoreira, xa que a metade da débeda quedaría solventada con este proxecto.

A Xunta de Galicia nos últimos orzamentos endebedouse no máximo permitido pero Poio non ; o PP debería dicir que a situación da Xunta é tan crítica como a de Poio pero pola contra non se manifesta ao respecto. Cremos que a situación do Concello non é tan mala como vostedes din.

Tamén ocupamos o posto 17 nos Concellos que teñen capacidade para pagar impostos en función da renda familiar.

Pero, se vostedes coñecen outra fórmula é mellor que a digan aquí.

A Sra. Besada Lores di que o Sr. Barreiro explicou polo miúdo a situación económica de Poio, e o Sr. Domínguez non actúa de boa fé cando di que o Concello debe 440.000,00

se sabe que se incorporan no suplemento de setembro.

Tamén destes 947.000,00, hai que ter en conta que 300.000 foron incluídos nun suplemento anterior que serven para o financiamento das obras do vial do Convento e que por motivos de tempo co Ministerio hai que facelo, senón o importe sería inferior.

Pero tamén se a Deputación Provincial colaboase un pouco mediante o limpapraias, asfaltados, coches as cousas serían un pouco menos . E igualmente a Xunta de Galicia, así como as súas promesas dos convenios dos Portos de Covelo e Raxó, Polígono Industrial de Fragamoreira, proxecto de Seguridade Vial da PO 308, pero a Xunta si se pode endebedar e logo poñer a escusa de que non hai cartos e parece que o Sr. Domínguez non ten a obriga de preguntar que pasa coa situación de Poio.

O Sr.Domínguez Lino di que a capacidade dá o Decreto do Goberno no que se establece que Poio non pode endebedarse, non o di o PP senón os xornais.

Sempre comparamos con Sanxenxo pero de momento non aparece nos xornais e nos pola contra endebedámonos e incumprimos a Lei de morosidade que permite os pagos a 60 días e nos temos unha media de 73 días.

No ano 2007 refletíase unha liquidez de 6.000.000 € e un ano despois xa había un millón menos. Se nón temos liquidez é mellor pechar.

Os informes da intervención están no expediente e din claramente que as cousas non se están a facer ben.

En relación ao Polígono Industrial de Fragamoreira, haberá que preguntarlle ao anterior Xerente e pola súa xestión. Ademais tamén hai que preguntarlle porque o polígono non é unha realidade como aseguraban na campaña electoral. Nos pola contra, os compromisos adquiridos os estamos a cumprir.

Do endebedamento de Galicia algo terá que ver o goberno do bipartito anterior.

En relación cos Portos de Raxó e Covelo o compromiso do proxecto é para os meses de setembro e outubro e polo momento outubro acaba de comezar.

O Sr. Barreiro Lubián di que o PP nestes últimos 15 anos non estivo de acordo coas operacións de préstamo.

Sanxenxo non está na lista porque tendo en conta que

dos datos do Consello de Contas non figuran as liquidacións do último exercicio, as sorpresas están por vir.

A liquidez do Concello, nesa listaxe de 34 concellos, ocupa o 4º lugar e o aforro bruto deste Concello fai que sexamos o número 13, non son datos tan malos e incumplimos a lei de morosidade, pero cando outros cheguen ao noso nivel falaremos.

Co Plan E, faise un gran investimento pero tampouco solucionáronse todos os problemas do concello.

O Polígono de Fragamoreira, o Concello preveu que o seu futuro pasaba por isto, e no seu momento a Xunta do Sr. Fraga sendo Conselleiro da antiga CPTOPV o Sr. Feijoo non estaban de acordo porque non era prioritario e dixo que o fixera o Concello, por iso cos orzamentos municipais dotárase importe para crear unha empresa pública para xestionar o polígono, pero cando o bipartito chegou ao Goberno, elaboráronse os documentos necesarios para a súa execución (aprobación inicial, exposición pública, informes sectoriais), pero atopámonos cun informe sectorial negativo emitido pola Deputación, en concreto por un asesor que merece o calificativo de "caradura", polos accesos ao mesmo, isto foi en xullo de 2008, pero que casualidade que dous anos despois é favorable, menudo esperpento.

Debido a utilización da expresión "caradura" o Sr. Domínguez Lino solicita o Sr. Barreiro que a retire, dado que eles non veñen o Pleno da corporación a escoitar insultos, e que se non procede a retirada dos mesmos abandonarán a sesión.

Responde o Sr. Barreiro que el non insultou a ninguén. Nese intre os concelleiros presentes do P.P. proceden a levantarse para abandonar a sesión; e o Sr. Barreiro dí que a pesar de que non considera que insultou a ninguén o retira a vista de que os membros queren abandonar a sesión. Despois de que o Sr. Barreiro procedese a retirar o calificativo manifestado, os membros do P.P. proceden a voltar a ocupar o seu sitio agás o Sr. Domínguez Álvarez, que molesto pola actitude do Sr. Barreiro abandona a sesión.

Continua a súa intervención o Sr. Barreiro; Xestur tiña dotación no seu presuposto e nos solicitamos que a partida se manteña.

Non creo que o endebedamento de Galicia sexa polos últimos catro anos de goberno do bipartito. Os nosos compromisos coa anterior Xunta era do 100% agora xa son ao

80% tendo que o Concello aportar o 20%, cando non temos que apotar o 50%, como é o caso do saneamento de San Martiño, pero sen embargo dí que son obras necesarias e que hai que acometer.

O Sr. Agís Gómez, en relación aos convenios con Portos de Galicia, di que se comprometeron a execución destes dous Portos de Raxó e Covelo e puxeron prazos e datas que non se están a cumprir.

A Xunta financia obras ao 100% pero non no Concello de Poio, nos temos que aportar o 50% en moitos casos.

O Sr. Domínguez Lino di que o debate do punto estase a desvincular un pouco, porque se está falando de todo menos da concertación dunha operación de crédito que realmente é o que di o punto da orde do día.

O Sr. Alcalde di que efectivamente se trata de aprobar un crédito para un anexo de obras que son moi importantes para Poio e que alcanzan a todas as concellerías e parroquias. O PP tennos acostumados a votar en contra ou á abstención en grandes investimentos, que grazas ás operacións de crédito a longo prazo pódense facer.

Sometido á votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas este quedou aprobado por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), 5 votos en contra e ningunha abstención adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Prestar aprobación ao expediente formado para a concertación dunha operación de crédito a longo prazo por importe de 947.000,00 € coa finalidade de financiar investimentos recollidos dentro da modificación presupostaria 25/2010.

Segundo: Dar inicio o procedemento de adxudicación da citada operación solicitando ofertas ás entidades financeiras co establecemento no termo municipal; coa salvidade de que non se poderá realizar a concertación do mesmo unha vez non se publique a aprobación definitiva da modificación presupostaria 25/2010.

3441.- CONTRATACIÓN, APROBACIÓN EXPEDIENTE E PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS QUE REGULARÁN O CONTRATO PARA A EXPLOTACION QUIOSCO FINCA COSTA XIRÁLDEZ-LOURIDO.- Polo Secretario presente na sesión dáse conta do expediente tramitado a proposta da alcaldía de data 23 de agosto de 2010 e dos pregos elaborados que regulan o contrato para a explotación dun quiosco sito na Finca Costa Xiraldez en

Lourido.

Dito expediente foi sometido a consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas, na súa sesión extraordinaria realizada o 5 de outubro de 2010 e que di o seguinte: "Dáse conta expediente que consta do "Prego de cláusulas administrativas particulares que regularán o contrato de arrendamento para explotación do quiosco situado na finca Costa Xiráldez-Lourido no Concello de Poio" e do "Prego de prescricións técnicas para a adxudicación do contrato de arrendamento do quiosco situado na finca Costa Xiráldez-Lourido no Concello de Poio", ámbalas dúas de data 24 de agosto de 2010 e do informe conxunto de Secretaría e de Intervención Municipal de data 6 de setembro de 2010.

O Secretario explica o contido de dito expediente para a contratación da explotación do quiosco situado na finca Costa Xiráldez-Lourido, construído como consecuencia das obras realizadas no lugar polo Plan E.

A Comisión por unanimidade acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación".

A Sra. Nieto García pregunta unha serie de cuestións relativas o expediente.

Rematado a quenda de intervencións sométese a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas o que queda aprobado por unanimidade adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación para o arrendamento urbano de uso distinto a vivenda , mediante procedemento aberto, para a explotación do quiosco e instalación destinado a bar na finca Costa Xiráldez de Lourido para o seu uso polo público en xeral así como o prego de cláusulas administrativas e prescricións técnicas de data 24 de agosto de 2010.

Segundo: Dispoñer a publicación do anuncio correspondente o Perfil do Contratante do Concello e no Boletín Oficial da Provincia para que no prazo de quince días naturais contados a partir da publicación no BOP se presenten as proposicións.

Segundo: Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

3442.- ACEPTACIÓN CAMBIO DE TITULARIDADE E POSTERIOR ENTREGA AO CONCELLO DE POIO DA ESTRADA PROVINCIAL EP 0606-C550-CONVENTO-ARÍS-SARTAL.- Polo Secretario presente na sesión dáse conta do expediente tramitado e do ditame

emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 5 de outubro de 2010 e que di o que segue: "Dáse conta do expediente e da proposta da Concelleira Delegada de Obras e Servizos, D^a Consuelo Besada Lores, de data 1 de outubro de 2010 que, textualmente, di o seguinte: "**PRIMEIRO.** Con data 18 de maio de 2010 , elevouse a Xunta de goberno Local do Concello de Poio , proposta da concelleira de obras e servizos deste Concello , por a que se sinalaba que ; "na parroquia de San Xoán entre a PO 308 e a VRG 4.8 está atravesado pola estrada provincial EP-606 cunha lonxitude de 1650 metros que no seu percorrido pasa por diante da Casa do Concello.

Co obxecto de proceder a cambiar o sentido da circulación dun tramo do mencionado vial provincial, concretamente dos primeiros 696 metros, sería preciso establecer a cesión do mencionado tramo a favor do Concello de Poio para posibilitar a humanización das rúas Gonzalo Fernández de La Mora y Mon e Convento, debido á problemática que estas teñen na actualidade. Referímonos ás dificultades de accesibilidade para os peóns nese tramo no que se sitúa o Mosteiro de Poio, o Concello e o Tanatorio , sendo un tramo de vía estreito e sen beirarrúas con abundante tránsito peonil e de vehículos xa que é unha zona de importante afluencia turística. É esta situación de inseguridade vial para vehículos (gran afluencia) e peóns o que xustifica a necesidade de cesión do tramo da vía EP-606, co fin de mellorar a situación actual deixando ese tramo como sentido único dirección PO 308 - Mosteiro e posibilitando a colocación de beirarrúas entre outros aspectos a mellorar co plan de humanización."

SEGUNDO. A xunta de goberno Local deste concello en sesión celebrada na mesma data no acordo n^o 7946 se solicitaba da Deputación Provincial de Pontevedra a cesión dos viais EP-606 cunha lonxitude de 1650 metros no tramo correspondente á rúa Gonzalo Fernández de la Mora y Mon e rúa Convento, San Xoán (Poio) co detalle previsto no plano elaborado polo departamento de enxeñería municipal que se achega como anexo ao presente acordo, instando igualmente desa Entidade a urbanización, conservación e mantemento desa mesma estrada (EP-0606) a continuación, en dirección Vilariño, dotándoo de beirarrúas e outros servizos.

TERCEIRO. Con data 3 de setembro de 2010 , se recibiu escrito remitido por a deputación provincial de pontevedra por o que se daba conta a este concello do Informe redactado por o Enxeñeiro T. Xefe da Zona, por o que se informaba favorablemente ; " o cambio de titularidade a favor do concello de Poio non só do tramo de estrada solicitado senon de todo o vial provincial E.P0606-C-550-

Convento-Aris-Sartal (cunha lonxitude de 1.650 metros), de acordo co disposto nos artigos 52.2 e 54 da Lei 4/1994, de 14 de setembro, de Estradas de Galicia e artigo 2 da Ordenanza Reguladora do Uso e Defensa das Estradas Provinciais.

CUARTO. Con data 3 de setembro de 2010 emitíuse Informe por o Enxeñeiro municipal do concello de Poio.

QUINTO. Con data 6 de setembro de 2010 acordouse por a xunta de Goberno Local deste concello no seu acordo nº 8419 , prestar conformidade o informe remitido por o Enxeñeiro T.Xefe da zona da Deputación Provincial , e instaba a deputación Provincial a que continuase co expediente de cesión do vial EP0606-C-550-Convento-arís-Sartal, cunha lonxitude de 1650 m .

SEXTO. Con data 24 de marzo de 2010 , acordouse por o Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra na súa sesión ordinaria ; o cambio de titularidade a favor do concello de Poio da estrada provincial EP0606-C-550 Convento-Arís-Sartal.

Consta Informe do Secretario Xeral do Concello de data 1 de outubro de 2010.

A vista dos fundamentos xurídicos expresados elevo a Comisión Informativa de Facenda Gobernación e contas , que ditamine favorablemente a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

PRIMEIRO. Aceptar o cambio de titularidade a favor do Concello de Poio da estrada provincial EP0606-C-550-Convento-Aris-Sartal, debendo incorporar este viario á relación de estradas de titularidade do Concello de Poio tal e como sinala o artigo 4 da Lei 4/1994, do 14 de setembro , de Estradas de Galicia.

SEGUNDO. Facultar ó Sr.alcalde-Presidente do concello de Poio para a sinatura da acta da entrega que con tal fin se elabore.

TERCEIRO. Que se remita este acordo a Deputación Provincial de Pontevedra e a Consellería competente os efectos oportunos."

A Comisión por unanimidade acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación."

Non subscitándose debate ningún sométese a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas quedando aprobado por unanimidade de asistentes adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro.- Aceptar o cambio de titularidade a favor do Concello de Poio da estrada provincial EP0606-C-550-Convento-Aris-Sartal, debendo incorporar este viario á relación de estradas de titularidade do Concello de Poio tal e como sinala o artigo 4 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de Estradas de Galicia.

Segundo.- Facultar ó Sr.alcalde-Presidente do Concello de Poio para a sinatura da acta da entrega que con tal fin se elabore.

Terceiro.- Que se remita este acordo a Deputación Provincial de Pontevedra e a Consellería competente os efectos oportunos.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte e unha horas e cinco minutos, da que se redacta a presente acta, de todo o que eu, Secretario xeral, dou fe.